



O arquitecto ourensán Manuel Gallego Jorroto (O Carballiño, 1936) observa detidamente unha da súas maquetas. VÍTOR MEJUTO

Os arquitectos galegos recoñecen a traxectoria de Manuel Gallego Jorroto

Ata 127 propostas competían nos premios do COAG en categorías como rehabilitación, equipamentos, vivenda, espazos abertos, investigación ou instalacións efémeras

HÉCTOR J. PORTO
REDACCIÓN / LA VOZ

Gusta dicir o arquitecto navarro Rafael Moneo, todo un premio Pritzker, o único en España, que todo o que coñece da obra de Gallego Jorroto sempre lle pareceu sólido e consistente. Agora o COAG (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia) acordou outorgar este ano un premio especial á traxectoria profesional do creador ourensán. A xunta de goberno decidiu distinguir o conxunto da carreira de Manuel Gallego Jorroto (O Carballiño, 1936), quen, por certo, xa recibiu en 1997 o Premio Nacional de Arquitectura polo seu proxecto para o Museo de Belas

Artes da Coruña e en 2010 a medalla de ouro do Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España.

Jorroto é autor de obras como a residencia do presidente do Goberno galego en Monte Pío (Santiago), o complexo administrativo da Xunta en Campolongo (Pontevedra), as casas da cultura de Chantada e Valdovíño, catro centros de investigación no compostelán Campus Vida e a casa do Concello e o centro sociocultural da Illa de Arousa, entre outras moitas distribuídas por Galicia. E que se o paseante se vira na obriga de resumir botaría man seguramente da palabra coherencia.

O marco deste recoñecemen-

to é a 16.ª edición dos galardóns COAG de Arquitectura, na que competían ata 127 propostas visadas, executadas e finalizadas no ámbito territorial da entidade de colexial entre o 31 de xullo do 2012 e o 31 de xullo do 2014, e cuxa entrega de premios terá lugar o vindeiro venres (as 20 horas) no auditorio da sede viguesa de Afundación.

26 traballos finalistas

Desta nómina de 127 obras que concorrián nas categorías de vivenda, rehabilitación, equipamentos, espazos abertos, reforma interior, divulgación e investigación, arquitectura novel, instalacións efémeras, baixo custo e fin de carreira, foron seleccio-

nados como finalistas un total de 26 traballos.

No apartado de vivenda chegan ao tramo último catro proxectos, a nome de Manuel Jorroto Díaz; Álvaro Marín Durán e Alfonso Castro Lorenzo; Terceroderecha Arquitectos; Alfredo Alcalá Navarro e Ramón Montero Cereijo. En equipamentos, outros catro: José Carlos Seoane; CreuseCarasco SLP; Abalo Alonso Arquitectos; e Cendón-Vázquez Arquitectos. En rehabilitación, tamén catro: Antonio Pernas Varela; Albamasarias Arquitectura, María Luisa Pierres e Emilio Rodríguez Blanco. Na categoría de baixo custo, dous proxectos, a nome de Manuel Jorroto Díaz e Castroferro Arquitectos.

PARA LEER



«Dominique»

Eugène Fromentin

Traducción de Emma Calatayud

Ardicia Editorial

315 páginas. 19,90 euros.

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Cuando un editor rescata un pequeno clásico oculto como *Dominique* sempre piensa el lector atento que debería acompañarse la empresa con una nueva traducción del texto, una revisión, pero en este caso el esfuerzo ya estaba hecho. Por qué desaprovechar un trabajo de tanta calidad. Con la novela, el impecable sello Ardicia recupera la versión de Emma Calatayud que allá por 1984 publicó Bruguera en su recordada y pionera colección de bolsillo Libro Amigo. Lo que tiene el ansioso lector en las manos es la única novela que escribió el pintor francés Eugène Fromentin (La Rochelle, 1820-1876), y en la que se muestra tan romántico como en su plástica —deudora de Delacroix—. Pocos relatos como este exploran de manera tan profunda y serenamente inflamada de lirismo la pasión amorosa y esa enfermedad de la renuncia que conlleva al final el ahogamiento de los sueños de la juventud... Que no la muerte del deseo, sino una insatisfacción que lo alimenta, como apunta en el prólogo Gustavo Martín Garzo, que sabe un rato del asunto y recuerda que esa defunción exigiría la previa consumación. En fin, una narración a la que el carácter confesional inunda de verdad para construir una historia rebosante de hermosura y sinceridad, y que prescinde excelsamente de ironías y sentimentalismos a partes iguales.

PADRÓN

La perito de Hacienda ratifica el informe sobre la Fundación Cela

La perito de Hacienda Mercedes Seisdedos Rivas ratificó ayer en el Juzgado número 2 de Padrón el informe que entregó en septiembre del 2014 sobre las sociedades creadas en torno a la Fundación Camilo José Cela con el fin, supuestamente, de recuperar el IVA que no le correspondía por ley a la entidad. La técnico también aclaró las dudas planteadas por la defensa de las personas imputadas en la causa, entre ellas, Marina Castaño. LVG

INVESTIGACIÓN

Esculturas en risco de avellentamento precoz

A análise química de polímeros sintéticos axuda a identificar avellentamento precoz en obras de arte contemporánea e tratamentos anti-idade. O Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da Universidade de Santiago e o CGAC estudaron o avellentamento e a durabilidade das esculturas de arte contemporánea construídas a base de plásticos a partir dunha obra do creador Francisco Leiro realizada parcialmente con resina epoxi. LVG



Albert Maysles. S. WENIG REUTERS

CINE

Fallece Albert Maysles, autor del documental sobre los Stones «Gimme Shelter»

El cineasta estadounidense Albert Maysles, famoso por el documental *Gimme Shelter* (1970) sobre los Rolling Stones, falleció el pasado jueves en Nueva York a los 88 años por un cáncer de páncreas. Considerado el «decano de los documentales» por su larga trayectoria, Maysles era uno de los mayores exponentes del *cine verdad* en este género ya que no entrevistaba a las personas objeto de filmación y no seguía un guion o una narración. AFP

TEATRO

A compañía Elefante Elegante conducirá a gala dos premios María Casares

A compañía Elefante Elegante conducirá a cerimonia de entrega na 19.ª edición dos premios de teatro María Casares. Será o 26 de marzo no coruñés Teatro Rosalía. Codirixida por María Torres e Gonçalo Guerreiro e fundada no 2007, propondrá unha gala que xirará ao redor das viaxes. Ademais, contará coa música de Kibitka, formación multiinstrumental que nutre o seu repertorio con sons de Armenia, Bielorrusia, Moldavia, Rusia ou Galicia. LVG